

Combates... pola Historia da Educación Lutas... pela História da Educação

Hai máis de 70 anos, un resistente contra o fascismo e as ditaduras, o grande historiador francés Lucien Febvre, escribiu o famoso texto, militante, crítico e académico, *Combats pour l'histoire*.

Permitiranos Febvre que adoptemos este título para deixar constancia de que tamén no eido dos estudos de Historia da Educación, e de xeito específico no espazo ibérico, se libraron algunhas batallas a prol dunha Historia da Educación que rompese as costuras que lle tiñan marcado os idealismos, a neoescolástica, o positivismo ou os historicismos nacionalistas. As perspectivas abertas paulatinamente desde a *École des Annales*, ou desde a historia crítica inglesa, e mesmo desde a microhistoria italiana, xunto coas achegas procedentes da Historia Social, a Historia Cultural e Conceptual ou a Hermenéutica, convidaban a revisar os modos de facer Historia da Educación.

E así se foi facendo, nomeadamente desde os anos setenta e oitenta do pasado século, durante os cales asistimos aos inicios da configuración dunha nova historia da educación española e portuguesa, proceso que tamén se produciu noutros contextos e latitudes. Ao longo desas e das seguintes décadas foron agromando sociedades científicas e publicacións periódicas, organizáronse múltiples congresos, coloquios e encontros e publicáronse numerosas obras de carácter histórico-educativo. A súa lectura evidencia a emerxencia de novas preguntas, que permitiron ampliar o campo de investigación; novas olladas, que contribuíron a iluminar espazos que permanecían esquecidos; novas perspectivas metodolóxicas, que oscilaron entre o cuantitativo e o cualitativo ou procuraron integrar un e outro enfoque.

A revista *Sarmiento* considerou que neste momento podería ser pertinente pór en valor a traxectoria dalgunhas das persoas —colegas e mentores— que propiciaron esta nova andaina da Historia da Educación en Portugal e España. Damos así continuidade ao traballo que Julia Varela publicou no anterior número de *Sarmiento*, no seu caso desde o ámbito da socioloxía da educación.

Propuxemos a participación de tres destacados profesores desde a parte portuguesa e outros tres desde a española. Nesta ocasión só foi posible reunir as aportacións de tres colegas españois e un portugués. En todo caso, a revista ten a intención de proseguir nesta procura.

Aínda que se lles deron algunhas indicacións moi xenéricas, cada autor e autora tivo plena liberdade para adoptar o enfoque que estimou oportuno, como terán ocasión de comprobar quen lean estas páxinas. Nalgún caso o relato está centrado na traxectoria docente, mais polo regular predominan as reflexións relacionadas co ámbito da investigación. Para todos eles o noso agradecemento pola súa colaboración.